

ACTA 1ª DE APERTURA DE PROPOSICIÓN DA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO (MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS) DO CONTRATO DE OBRA DE: OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIÓNS ACÚSTICAS DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES SITO EN LAMIÑO: FALSO TEITO.

Asistentes:

Presidente: José Luis García García, alcalde.

Vogais:

-. Javier Nieves González, secretario do Concello.

-. Beatriz López de Castro García, interventora do Concello.

Secretaria: Berta Rey Nieto, funcionaria municipal.

Non asiste: Juan José Lapido Casal, traballador da brigada de obras municipal.

En Brión a 15 de abril de 2019, sendo as 11,10 horas se procede nas Casa do Concello, á apertura das proposicións presentadas optando ao procedemento aberto referenciado, acto público cuxo anuncio foi publicado no perfil de contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, con data 11.04.2019.

Téndose realizada a licitación mediante anuncio no perfil de contratante con data 21.03.2019 e rematando o prazo para presentación de ofertas o día 10.04.2019 inclusive, presentáronse as seguintes empresas:

1. ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES, S.L.
2. ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.
3. CETA CONTRATAS, S.L.
4. CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L.
5. COTO DE UZ PROYECTOS Y OBRAS, SL
6. DENUOVO PUNTO CREATIVO, S.L.
7. EXCAVACIONES H. OTERO, S.L.
8. GROMA OBRAS, S.L.
9. MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.
10. OBRAS GALLAECIA, S.L.
11. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
12. CASTAÑO BASCOY SLU

Procedeuse á apertura das proposicións presentadas no arquivo ou sobre electrónico C " Oferta económica e referencias avaliadas automaticamente", excluíndose da licitación á empresa CASTAÑO BASCOY SLU, polo seguinte motivo: erro manifesto no importe da proposición económica; sendo o importe das ofertas económicas dos licitadores e a valoración consonte cos pregos segundo o programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos da Deputación o que se xunta como documento anexo a esta acta.

A Mesa de Contratación por unanimidade acorda:


1º) Propoñer a adxudicación do contrato á empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL, polo prezo de:60.552,69 €, IVE incluído, por considerar que resulta a oferta máis conveniente para o Concello por ser a que incorpora o prezo máis baixo e non se atopa incurso en baixa temeraria, en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos, ao ser o único criterio o prezo.

2º) Requirir á empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL para que presente dentro do **prazo de sete días hábiles**, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, por medios electrónicos e con sinatura electrónica, a documentación especificada na cláusula

16 do prego de cláusulas administrativas particulares, debendo presentar igualmente na tesourería municipal a garantía definitiva polo importe do 5% do prezo final ofertado, excluído o IVE, polo importe de: 2.502,18 euros, por calquera dos medios a que se refire o art. 107 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Remata o acto sendo as 12,14 horas.

Non formulándose reclamación de ningún tipo, esténdese a presente acta que logo da súa lectura, asina a Mesa de Contratación en proba de conformidade, do que como secretaria, certifico.



A large, stylized handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and a long vertical stroke.

Berta

Programa de valoración de ofertas económicas en contratos e concursos

Fórmula [PDF]

O Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do seu prezo de licitación, detectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluíndo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001).

Exemplos: [Dúas empresas | Tres empresas | Tres empresas (Red. Prazo) | Cinco empresas | Dez empresas]

- Paso 1
- Paso 2
- Paso 3
- Paso 4

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total

Contrato/concurso: OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIÓNS ACÚSTICAS DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES SITO EN LAMIÑO: FALSO TEITO

Prezo de licitación: 79050,51 €

Límite oferta temeraria: 59.413,35 €

 Exportar

Nº	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Val. técnica	Puntuación Val. económica	Temeraria	Total
1	ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES, S.L.	67983,85	14,00	0,00	65,33	Non	65,33
2	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	64979,52	17,80	0,00	78,40	Non	78,40
3	CETA CONTRATAS, S.L.	66283,85	16,15	0,00	73,45	Non	73,45
4	CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L.	78474,72	0,73	0,00	3,41	Non	3,41
5	COTO DE UZ PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	66402,38	16,00	0,00	73,00	Non	73,00
6	DENUEVO PUNTO CREATIVO, S.L.	62086,27	21,46	0,00	89,38	Non	89,38
7	EXCAVACIONES H. OTERO, S.L.	67232,46	14,95	0,00	69,77	Non	69,77
8	GROMA OBRAS, S.L.	68528,88	13,31	0,00	62,11	Non	62,11
9	MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	60552,69	23,40	0,00	95,20	Non	95,20
10	OBRAS GALLAECIA, S.L.	67176,78	15,02	0,00	70,06	Non	70,06
11	SERFONSA SERVICIO, S.L.	68921,60	12,81	0,00	59,78	Non	59,78

Gráfica de puntuacións económicas

